

# FESTA DE SAMAÍN NA PRAZA DE ARRIBA

## ➤ Celebración:

- Sábado 31 de outubro, de 17.00 a 21.00 h, na Praza de Arriba.

## ➤ Organiza:

- Concellarías de Igualdade e Benestar, de Cultura e de Comercio e Industria.

## ➤ Colabora:

- Concellaría de Seguridade Cidadá, Protección Civil, Academia Vox Populi, O Grove-Érguete, Teresa González Costa e os establecementos da Rúa da Praza, Pablo Iglesias e Praza de Arriba.

## ➤ Actividades:

- Obradoiro de maquillaxe
- Obradoiro de cabazas
- Globoflexia
- Magosto
- Contacontos
- Actuación do grupo folk Os Vilarachos
- Concurso de cabazas
- Concurso de disfraces
- Pasarrúas de meigas e fantasmas

## ➤ Actuación Os Vilarachos:

- Ensaio: de 17.00 a 17.30 h
- Actuación: de 19.00 a 20.00 h
- Axúntanse especificacións técnicas

## ➤ Obxectivos:

- Recuperar do esquecemento a tradición do tallado de caveiras nas cortizas das cabazas.
- Acadar un coñecemento etnográfico da Festa do Samaín.
- Espertar o interese sobre a importancia de manter as tradicións e o patrimonio etnográfico dos nosos devanceiros.
- Vivenciar as raíces da cultura tradicional galega.
- Fomentar o gusto e a afección polo folclore tradicional galego.
- Recoñecer a pertenza a un pasado común europeo a través da Cultura Celta.
- Amosar que hai outras formas de entreterse no tempo de ocio, que practicamente nunca deberían estar relacionadas coas novas tecnoloxías.
- Dinamizar os establecementos da Rúa da Praza, Pablo Iglesias e Praza de Arriba.

## ➤ Material publicidade:

- 2 Pancartas de 100X200 centímetros.
- 100 Carteis DIN A-3.
- 1000 Notas informativas repartidas non centros educativos.
- 2 Servizos de publicidade con megafonía móbil, de 2.30 horas cada un.
- Nota de prensa da Concellaría de Cultura.

➤ **Material do Concello:**

- Elementos para ambientación e decoración: bruxas, cabazas, fantasmas, esqueleto, caveiras, etc.
- 20 Fachas.
- 1 Compresor para inchar globos.
- 2 Grellas para asar castañas.
- Palco (consultar medida coa Concellaría de Cultura, segundo necesidades do grupo Os Vilarachos).
- 17 Valos.
- 1 Rolo de cinta de balizar.
- 2 Sinais de prohibición de aparcar.
- 2 Sinais de dirección prohibida.
- 2 Sinais de dirección obrigatoria.
- 75 Cabaletes metálicos e 25 mesas **das grosas** que se utilizaban antigamente na Festa do Marisco (este material non haberá que recollelo ata xaneiro de 2010, porque se vai utilizar no Nacemento que se vai instalar na rúa Pablo Iglesias, 31).
- 1 Bolsa de bridas grandes para palco e sinais.
- 2 Colectores pequenos de lixo con rodas.
- 1 Paquete de bolsas grandes de lixo.

➤ **Persoal municipal:**

- O necesario para trasladar á Praza de Arriba o material solicitado.
- 1 Policía municipal (para controlar a retirada de vehículos e a circulación o día 31).
- 2 Membros de Protección Civil (un na glorieta da República Arxentina e outro no cruzamento da rúa Castelao coa Rúa da Praza). Debido a que se cortará o tráfico arredor da Praza de Arriba, faise necesario impedir a circulación por alí de vehículos pesados. O resto dos vehículos serán desviados polas rúas Luís Seoane e Montño A, colocando valos e sinais indicativos.

➤ **Material achegado polos establecementos colaboradores:**

- Equipo de son para contacontos e música ambiental.
- 2 Servizos de publicidade con megafonía móbil, de 2.30 horas cada un.
- 300 Globos para o obradoiro de globoflexia.
- Utensilios para o obradoiro de cabazas.
- Utensilios para o obradoiro de maquillaxe.
- Utensilios para o magosto.
- Premios para as/os gañadores do concurso de cabazas.
- Premios para as/os gañadores do concurso de disfraces.